



MOCIÓN CIDADÁ POLA XESTIÓN MUNICIPAL DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES NO CEIP FRANCISCO VALES VILLAMARÍN DE BETANZOS.

Ao abeiro do Regulamento municipal de participación cidadá vixente no Concello de Betanzos, a Asociación de Nais e Pais BRIGANTIUM do CEIP Francisco Vales Villamarín con CIF G15.506.397, como asociación inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Betanzos.

EXPOÑEMOS:

A desatención e inhibición da administración pública no tocante á xestión e organización dos servizos de prestación de actividades extraescolares, comedor escolar e mañanceiros, conleva que no curso 2002-2003 a comunidade escolar betanceira se vexa obrigada a asumir de forma directa a prestación destes servizos esenciais. Desta forma, nais e pais do CEIP Francisco Vales Villamarín vinculados á ANPA Brigantium, crean a Asociación Deportiva Vales Villamarín para inicialmente impulsar e manter as actividades extraescolares. Posteriormente tamén a ANPA Brigantium crea o servizo mañanceiros e o comedor escolar.

A comunidade escolar de Betanzos, co alento, apoio e civismo da cidadanía de Betanzos, Coirós e Paderne, ten feito unha realización colectiva de gran valor social. Impulsa, diseña, configura e consolida ao longo de sucesivos cursos escolares o modelo betanceiro de prestación de servizos complementarios escolares.

Centrados nas actividades extraescolares, as características máis salientables do modelo betanceiro son:

- Unha oferta ampla de actividades con parámetros de calidade por riba da media.
- As cotas económicas para as familias participantes sempre mantiveron unha cuantía por baixo dos prezos establecidos polo sector privado.
- Tamén a remuneración das monitoras e monitores estivo sempre por riba, consecuentemente á consideración da importancia do traballo realizado no ámbito informal do ensino, así como o compromiso da comunidade escolar na dignificación do labor das e dos profesionais.

Este logro colectivo é atribuíble ao longo do tempo ás nais e pais, mestres e mestras, monitoras e monitores e ao conxunto da cidadanía a través da colaboración principalmente económica do Concello de Betanzos.

Non obstante, a configuración actual da xestión e organización das actividades extraescolares no CEIP Francisco Vales Villamarín tamén presenta debilidades, entre as que destaca a elevada cantidade de tarefas e a complexidade das mesmas, que recaen sobre a ANPA Brigantium que é unha asociación conformada por nais e pais voluntarios.

Semellante volume de traballo esixe unha dispoñibilidade e un grao de entrega que non se lle pode esixir a ninguén de xeito diario e voluntario. Máxime cando son as administracións–Xunta e Concello–e non unha asociación as responsables das actividades extraescolares.

A finalidade social das actividades extraescolares, no seno da propia comunidade escolar e para o conxunto da sociedade, abrangue unhas necesidades dunha magnitude social tan sumamente relevantes que requiren a intervención da administración pública:

-Conciliación da vida familiar e laboral:

A carencia dun tratamento axeitado do dereito á conciliación da vida familiar e laboral e a ausencia de mecanismos axeitados e efectivos para revertir este problema a nivel do conxunto da sociedade, converte ás actividades extraescolares na principal iniciativa pola conciliación e imprescindibles neste sentido

-Igualdade de oportunidades:

O carácter inclusivo das actividades extraescolares configura un espazo social favorecedor da aplicación do principio de igualdade de oportunidades e polo tanto xerador de cohesión e benestar social.

-Espazo de ensino non formal, complementario e necesario:

A existencia das actividades extraescolares conleva as ventaxas pedagóxicas propias dun espazo de ensino non formal, complementario ao ensino regrado, que potencia os valores da sociabilidade responsable nun entorno colaborativo.

-Xornada lectiva en sesión única de mañá:

Según a Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 29 de maio de 2008, pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá, a existencia dun Plan específico de Actividades Extraescolares é requisito indispensable para o mantemento do horario de xornada única que, desde a súa implantación, ten repercutido favorablemente en termos de conciliación e pedagóxicos.

Resulta destacable que desde o curso 2013-2014 o Servizo de Comedor e mañanceiros á iniciativa da comunidade escolar de Betanzos, está sendo prestado a través da xestión pública municipal con resultado favorable.

Este feito ten implicado o fortalecemento das bases sobre as que se sustenta o modelo betanceiro de prestación de servizos de comedor, mañanceiros e actividades extraescolares no ensino de titularidade pública na etapa obrigatoria de escolarización.

Tamén na sesión plenaria do 19 de decembro do 2013 a corporación municipal de forma unánime aproba instar ao goberno local a asumir a organización das actividades extraescolares.

Este importante acordo plenario quedou sen aplicación, se ben ten o aspecto positivo de definir pautas de actuación municipais adecuadamente orientadas, aínda explicitando un marco temporal excesivamente rebasado para a realización do compromiso asumido coa comunidade escolar betanceira

Sostemos que é absolutamente inaprazable a aplicación efectiva do compromiso adquirido coa comunidade educativa betanceira, e deste xeito fortalecer e preservar o modelo betanceiro de prestación de servizos educativos complementarios no ensino público.

Por iso,

SOLICITAMOS:

A asunción por parte da administración municipal de Betanzos no vindeiro curso 2016-2017 da xestión pública das actividades extraescolares no CEIP Francisco Vales Villamarín.

Asdo: Xunta Directiva da ANPA Brigantium do CEIP Francisco Villamarín de Betanzos

Aprobada por unanimidade no Pleno Ordinario da Corporación Municipal do Concello de Betanzos do 23 de Febreiro de 2016.